

# XEFATURA DO ESTADO

**4461** LEI 1/2007, do 2 de marzo, de declaración do Parque Nacional de Monfragüe. («BOE» 54, do 3-3-2007.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Rede de Parques Nacionais de España é un sistema integrado para a protección e xestión dunha selección das mellores mostras do patrimonio natural español. Conforman un sistema comprensible da representación ecolóxica do país cunha personalidade propia onde se integran os parques nacionais, e se asegura un denominador común baseado na súa preservación. A organización do sistema e a súa vertebración dentro do cadro da organización territorial do Estado supón unha aplicación manifesta dos principios de colaboración, cooperación e vontade común entre as administracións. Os parques nacionais son pois espazos naturais protexidos declarados por lei de interese xeral da Nación no cadro da vontade conxunta da Administración do Estado, e das administracións autonómicas implicadas, de incorporar á Rede unha mostra de patrimonio natural por considerala única, singular e representativa.

Desde este punto de vista, o órgano de goberno da Comunidade Autónoma de Extremadura remitiu con data do 12 de xaneiro de 2006 ao Goberno a proposta de declaración de Monfragüe como parque nacional. A proposta, previamente sometida ao informe da asemblea lexislativa da citada comunidade autónoma con data do 22 de decembro de 2005, é o resultado do proceso de planificación realizado no seo da citada comunidade autónoma, proceso que conclúe coa aprobación, polo Decreto 186/2005, do 26 de xuño, do plan de ordenación dos recursos naturais do parque natural de Monfragüe.

A partir desa proposta, o Ministerio de Medio Ambiente, xunto coa Xunta de Extremadura, elaborou un anteproxecto de lei de declaración do parque nacional de Monfragüe para a súa remisión ás Cortes Xerais. O citado anteproxecto de lei foi elevado ao Consello de Ministros, que acordou tramitalo como proxecto de lei.

Trátase, con isto, tanto de incorporar Monfragüe á Rede de Parques Nacionais como espazo singular, único, irrepetible e representativo, como de consolidar con Monfragüe a Rede de Parques Nacionais como o referente territorial onde practicar, ao servizo de todos os cidadáns, a conservación da biodiversidade. A singularidade e riqueza faunística de Monfragüe, a variedade das súas formacións vexetais, a espectacularidade paisaxística e o interese xeomorfolóxico constitúen un patrimonio natural e cultural de indubidable valor científico, recreativo e educativo, que xustifica declarar de interese xeral da Nación a súa conservación. Con isto incorpórase á Rede de Parques Nacionais unha das mellores mostras do patrimonio natural español, correspondente cos sistemas naturais máis extensos e representativos do noso país.

A declaración culmina un longo camiño en prol da protección de Monfragüe, camiño iniciado xa a finais da

década dos setenta, ao declararse mediante Real decreto 1927/1979, do 4 de abril, o parque natural de Monfragüe á vista das singulares características da súa flora, fauna e paisaxe. A esta declaración inicial, e co albo de asegurar a conservación da integridade dos ecosistemas presentes no espazo, impedindo influencias negativas exteriores sobre os valores intrínsecos da zona, sumouse en maio de 2004 a de «ZEPA, Monfragüe y Dehesas del Entorno», así como o ulterior recoñecemento de UNESCO en xullo de 2003 do territorio como reserva da biosfera. Esta lei, que establece a delimitación do territorio proposto como parque nacional e como zona periférica de protección, consolida esta situación establecendo unha coherente unidade de conservación, sobre a premisa da situación focal do parque nacional, para un conxunto de 116.160 hectáreas.

A lei incorpora igualmente un mandado executivo ás administracións públicas para, no prazo de tres anos, de común acordo cos titulares implicados e primando os acordos voluntarios, proceder á reordenación e supresión, se for o caso, de determinados usos, instalacións ou actividades actualmente presentes no interior do territorio e que resultan incompatibles coa figura de parque nacional. Igualmente, inclúese no citado mandado o da execución de actuacións para a restauración de formacións vexetais alteradas, ben como para a eliminación de cubertas forestais exóticas, todo isto coa intención de asegurar, a curto prazo, a total coherencia entre o parque nacional de Monfragüe coa caracterización xenérica determinada para o conxunto de espazos incluídos na Rede de Parques Nacionais.

Por último, esta declaración é a primeira que se produce após as sentenzas do Tribunal Constitucional en relación cos parques nacionais e, tanto no seu contido como na súa formulación, pretendeuse darlle perfecto encaixamento dentro dos marcos competenciais das respectivas administracións, asegurando os mecanismos de colaboración e cooperación entre elas.

## Artigo 1. *Obxecto.*

1. Declárase o parque nacional de Monfragüe, cuxa conservación se considera de interese xeral da Nación, e se integra na Rede de Parques Nacionais, de acordo co previsto na lexislación básica na materia.

2. A declaración do parque nacional de Monfragüe ten por finalidade:

a) Protexer a integridade e funcionalidade dos seus ecosistemas, que constitúen unha mostra representativa do sistema natural do bosque mediterráneo.

b) Asegurar a conservación e, se for o caso, a recuperación dos hábitat e as especies presentes no seu interior, ben como a preservación da diversidade xenética.

c) Contribuír ao coñecemento e difusión dos valores do parque nacional, establecendo un sistema de uso público compatible coa súa conservación, e potenciando a actividade investigadora.

d) Contribuír a promover un desenvolvemento sustentable das poboacións situadas na área de influencia socioeconómica do parque nacional de Monfragüe.

e) Xuntar ao patrimonio natural español unha nova mostra representativa dos ecosistemas mediterráneos, incorporando o parque nacional de Monfragüe, a través da Rede de Parques Nacionais, aos programas nacionais e internacionais de conservación da biodiversidade.

f) Contribuír á conservación dos valores culturais e os modos de vida tradicionais compatibles coa súa conservación.

g) Ordenar o seu uso e disfrute público sustentable para toda a sociedade, incluídas aquelas persoas que presenten algún tipo de discapacidade.

## Artigo 2. *Ámbito territorial.*

1. O parque nacional de Monfragüe abrangue o ámbito territorial incluído dentro dos límites que se describen no anexo I desta lei.

2. Por acordo do Consello de Ministros, por proposta do ministro de Medio Ambiente e por iniciativa da Xunta de Extremadura, ou despois de acordo con esta, poderanse incorporar ao parque nacional terreos colindantes con el, de similares características ou cuxos valores resulten complementarios cos daquel, cando concorran algunhas das seguintes circunstancias:

- a) Sexan de titularidade do Estado ou da Comunidade Autónoma de Extremadura.
- b) Sexan incorporados ao patrimonio público para o mellor cumprimento dos fins desta lei.
- c) Sexan entregados polos seus propietarios para o logro deses fins.

## Artigo 3. *Réxime xurídico de protección.*

1. O réxime xurídico de protección establecido nesta lei de declaración do parque nacional de Monfragüe terá carácter prevalecente fronte a calquera outra normativa sectorial vixente sobre o territorio do parque nacional.

2. Con carácter xeral, no parque nacional mantéranse e apoiaranse aqueles usos e actividades tradicionais que, tendo contribuído historicamente a conformar a paisaxe, sexan declarados compatibles e regulado o seu desenvolvemento no plan reitor de uso e xestión. No entanto, fican prohibidos no interior do parque nacional de Monfragüe todos aqueles usos e actividades que alteren ou poñan en perigo a estabilidade dos ecosistemas, os procesos ecolóxicos ou a integridade dos seus compoñentes físicos e biolóxicos.

3. En particular queda prohibido:

a) A instalación sobre o territorio de novos usos que supoñan incidencia ou cambios na actual estrutura, aparencia e composición da paisaxe.

b) O novo establecemento de calquera tipo de infraestruturas permanentes, tales como camiños, edificacións, tendidos eléctricos, parques eólicos, instalacións de tráfico terrestre ou aéreo ou remontes mecánicos, aproveitamentos hidráulicos ou hidroeléctricos, trazado de vías de comunicación, redes enerxéticas e outras infraestruturas, excepto as necesarias para mellorar a accesibilidade e a non-discriminación das persoas con discapacidade, salvo os necesarios para unha adecuada xestión do parque nacional, que requirirán, en todo caso, a correspondente autorización da Administración xestora, precedendo informe do Padroado.

c) A explotación e extracción de minerais e areas, a realización de calquera tipo de verteduras ou abandono de residuos, a corta de madeira, a caza e a pesca con fins comerciais ou deportivos e, con carácter xeral, calquera actuación que poida supor destrución, deterioración ou transformación dos elementos naturais singulares da zona. Non quedan afectadas pola prohibición anterior as actividades que a administración xestora do parque nacional, de acordo coas determinacións que estableza o plan reitor de uso e xestión, programe e organice en materia de control de poboacións ou de erradicación de especies exóticas.

d) A navegación no interior das augas do parque nacional, que se limitará á necesaria para o cumprimento das actuacións derivadas da xestión.

e) Todas aquelas actividades que queden prohibidas na lexislación básica sobre parques nacionais e nos seus instrumentos de desenvolvemento, en particular o plan director da Rede de Parques Nacionais, ben como as que sexan identificadas como incompatibles coas finalidades

do parque nacional de Monfragüe no seu plan reitor de uso e xestión.

4. En relación coa extracción de cortiza ou outros tratamentos suberícolas, a administración xestora do parque nacional, co albo de asegurar a súa compatibilidade cos obxectivos do parque, establecerá a oportuna regulación. En particular, delimitaranse perímetros de exclusión destas actividades ao redor das sobreiras ocupadas por niños de especies ameazadas.

5. No prazo de tres anos a partir da entrada en vigor desta lei, as administracións públicas, de común acordo cos titulares implicados e primando en todo caso os acordos voluntarios con eles, procederán á supresión dos usos, instalacións ou actividades que, definidos nos números anteriores, puideren existir no momento da declaración, en particular os que se enumeran no anexo II. Nos casos en que a supresión non sexa posible por razóns de utilidade pública prevalecente, adoptarán no mesmo prazo as medidas precisas para a corrección dos impactos ambientais que se puideren estar a producir.

6. Serán indemnizables aquelas limitacións de dereitos e intereses patrimoniais lexítimos que se produzan en cumprimento dos fins desta lei ou da lexislación básica na materia.

7. Salvo os terreos correspondentes ao núcleo urbano de Villarreal de San Carlos, os terreos incluídos dentro do parque nacional quedan clasificados como solo non urbanizable obxecto de especial protección. Con carácter xeral, os plans ou normas urbanísticas adaptarán as súas previsións ás limitacións derivadas desta lei e dos instrumentos de planificación se aproben no seu desenvolvemento e aplicación.

## Artigo 4. *Zona periférica de protección.*

1. Declárase como zona periférica de protección do parque nacional de Monfragüe, para os efectos do previsto na lexislación básica do Estado sobre parques nacionais, o territorio incluído dentro dos límites que se describen no anexo III desta lei, que coincide coa actual zona de especial protección das aves.

2. O réxime xurídico da zona periférica de protección será o que deriva da súa designación como zona de especial protección para as aves en virtude do establecido na Lei 4/1989, do 27 de marzo, de conservación dos espazos naturais e da flora e fauna silvestres. Complementariamente, todas aquelas actuacións que, requirindo declaración de impacto ambiental, se pretenda desenvolver no seu interior, deberán ser obxecto de informe do Padroado antes da súa autorización.

## Artigo 5. *Área de influencia socioeconómica.*

1. Declárase como área de influencia socioeconómica do parque nacional de Monfragüe, para os efectos do previsto na lexislación básica do Estado sobre parques nacionais, o espazo formado polos termos municipais onde se localiza o parque nacional e a súa zona periférica de protección, e que se relacionan no anexo IV desta lei.

2. As entidades locais, as entidades empresariais e as persoas físicas e xurídicas radicadas no interior da área de influencia socioeconómica, as institucións privadas sen fins de lucro con actividade nela, ben como aqueles outros suxeitos que se prevexan na normativa específica, poderanse beneficiar do réxime de subvencións, axudas e medidas de desenvolvemento previstos na lexislación básica sobre parques nacionais. Para tal fin, as administracións públicas poderán establecer os correspondentes instrumentos de colaboración e cooperación.

#### Artigo 6. *Utilidade pública e interese social.*

Declárase para todos os efectos a utilidade pública e o interese social das actuacións que, para a consecución dos obxectivos establecidos nesta lei, deban emprender as administracións públicas no interior do parque e na súa zona periférica de protección.

#### Artigo 7. *Tanteo e retracto.*

As administracións públicas competentes poderán exercer os dereitos de tanteo e de retracto respecto dos actos ou negocios xurídicos de carácter oneroso e celebrados inter vivos que comporten a creación, transmisión, modificación ou extinción de dereitos reais que recaian sobre predios rústicos situados no interior do parque nacional, incluída calquera operación ou negocio en virtude do cal se adquira a maioría no capital social de sociedades titulares dos dereitos reais citados. Para estes efectos:

a) O transmitente notificará de maneira fidedigna á Administración competente o prezo e as condicións esenciais da transmisión pretendida. Dentro dos tres meses seguintes á notificación, a citada Administración poderá exercer o dereito de tanteo obrigándose ao pagamento do prezo convindo nun período non superior a dous exercicios económicos.

b) Cando o propósito de transmisión non se tiver notificado de maneira fidedigna, a Administración competente poderá exercer o dereito de retracto, no prazo dun ano a partir da data en que teña coñecemento da transmisión e nos mesmos termos previstos para o de tanteo.

c) Os rexistradores da Propiedade e Mercantís non inscribirán transmisión ou constitución de dereito ningún sobre os bens referidos sen que se acredite teren cumprido cos requisitos sinalados neste número.

#### Artigo 8. *Organización da xestión.*

A xestión ordinaria e habitual do parque nacional corresponderá á Xunta de Extremadura, que a organizará de forma que resulte coherente cos obxectivos da Rede de Parques Nacionais.

#### Artigo 9. *Réxime económico e de colaboración.*

1. A Xunta de Extremadura atenderá, con cargo aos seus orzamentos, os gastos derivados da xestión ordinaria e habitual do parque nacional.

2. Con independencia do anterior, a Administración do Estado e a Xunta de Extremadura establecerán, de común acordo, os instrumentos de cooperación financeira precisos para asegurar o cumprimento dos obxectivos desta lei, e a aplicación no parque nacional de Monfragüe das directrices básicas que se establezan no plan director.

3. Poderán acordar, igualmente, a participación do parque nacional de Monfragüe en programas multilaterais de actuación nos cales, respectando en todo caso o principio de voluntariedade e sobre a base da aplicación de criterios de prioridade aprobados polo Consello da Rede, a Administración do Estado asuma o financiamento daquelas actuacións singulares e extraordinarias que de común acordo se identifiquen.

#### Artigo 10. *Instrumentos de programación e planificación.*

1. O instrumento para a planificación da xestión do parque nacional de Monfragüe é o plan reitor de uso e xestión, que terá unha vixencia de dez anos, e será elaborado e aprobado pola Xunta de Extremadura.

2. Na súa elaboración, que incorporará necesariamente un proceso de participación cun período de información pública, ben como no seu contido, o plan reitor de uso e xestión adecuarase ao establecido na lexislación básica sobre parques nacionais e no plan director da Rede de Parques Nacionais.

3. O dito plan reitor conterá ao menos:

a) As normas, obxectivos, liñas de actuación, e criterios xerais de uso e ordenación do parque.

b) A zonificación do parque, delimitando as áreas dos diferentes usos e establecendo a normativa de aplicación en cada unha delas, de acordo cos tipos de zonas que se establezan no plan director.

c) As actuacións precisas para a consecución dos obxectivos do parque en materias tales como conservación, uso público, investigación e educación ambiental, e a estimación económica dos seus custos.

d) As condicións baixo as que se poden desenvolver as actividades compatibles cos obxectivos do parque.

e) Os criterios e directrices para a supresión das formacións vexetais exóticas presentes no interior do parque nacional, ben como para o control das especies invasoras.

#### Artigo 11. *Participación da sociedade.*

1. Como órgano de participación da sociedade no parque nacional de Monfragüe créase un padroado adscrito, para efectos administrativos, á Xunta de Extremadura.

2. Na composición do padroado asegurase a paridade entre representantes da Administración do Estado, designados polo Ministerio de Medio Ambiente, e da Xunta de Extremadura. Así mesmo, estarán representadas as administracións locais, os axentes sociais, as asociacións de propietarios de terreos privados incluídos no parque, ben como aquelas institucións, asociacións e organizacións relacionadas co parque, ou cuxos fins concorden cos obxectivos desta lei.

3. O padroado do parque nacional de Monfragüe exercerá as funcións establecidas na lexislación básica da Rede de Parques Nacionais, ben como aquelas que lle poida asignar a Xunta de Extremadura, en particular as seguintes:

a) Coñecer o cumprimento das normas que afecten o parque nacional.

b) Promover cantas xestións considere oportunas a favor do espazo protexido.

c) Emitir informe sobre o plan reitor de uso e xestión e as súas modificacións, ben como os plans de traballo e investimentos, ou calquera desenvolvemento sectorial derivado del.

d) Aprobar a memoria anual de actividades e resultados, propondo as medidas que considere necesarias para corrixir disfuncións ou mellorar a xestión.

e) Emitir informe sobre a programación anual de actividades.

f) Emitir informe sobre os proxectos e propostas de obras e traballos que se pretenda realizar no parque nacional e non estean contidos nos plans de traballo e investimentos.

g) Emitir informe sobre os proxectos de actuacións que se pretendan realizar na zona periférica de protección e requiran declaración de impacto ambiental.

h) Emitir informe sobre as solicitudes presentadas ás convocatorias de subvencións financiadas con cargo aos orzamentos xerais do Estado, para realizar na área de influencia socioeconómica.

i) Propor posibles ampliacións do parque nacional ou da súa zona periférica de protección.

j) Propor normas e actuacións para a máis eficaz defensa dos valores do parque nacional.



k) Establecer o seu propio regulamento de réxime interior.

#### Artigo 12. *Acción pública.*

Será pública a acción para exixir ante os órganos administrativos e os xudiciais a observancia do establecido nesta lei e nas disposicións que se ditén para o seu desenvolvemento e aplicación.

#### Artigo 13. *Réxime sancionador.*

1. O réxime de infraccións e sancións no parque nacional de Monfragüe será o previsto no título VI da Lei 4/1989, do 27 de marzo, de conservación dos espazos naturais e da flora e fauna silvestres, ben como na normativa autonómica que sexa de aplicación.

2. Consideraranse, ademais, infraccións administrativas moi graves no ámbito do parque nacional, suxeitas ao réxime sancionador previsto no número anterior:

a) A alteración significativa das condicións naturais do parque nacional ou dos elementos que lle son propios, mediante ocupación, arroteamento, corta, arrinca ou contaminación directa ou indirecta.

b) A realización de calquera tipo de verteduras sólidas ou líquidas que poidan pór en perigo a preservación das condicións naturais do parque nacional.

c) A explotación e extracción de áreas.

3. Consideraranse, ademais, infraccións administrativas graves no ámbito do parque nacional, suxeitas ao réxime sancionador previsto no número 1:

a) A construción ou remodelación de calquera tipo de infraestruturas permanentes, tales como camiños, edificacións, tendidos eléctricos, instalacións de tráfico terrestre ou aéreo ou remontes mecánicos, sen a autorización pertinente.

b) O exercicio da actividade cinexética e piscícola.

c) O incumprimento das condicións impostas nas autorizacións administrativas concedidas para levar a cabo algún tipo de actividade no interior do parque.

d) O incumprimento das restantes prohibicións establecidas nesta lei e nos seus instrumentos de planificación.

4. Consideraranse, ademais, infraccións administrativas leves no ámbito do parque nacional, suxeitas ao réxime sancionador previsto no número 1:

a) A instalación non autorizada de sinalización publicitaria, ben como de elementos que distorzan e impidan a contemplación da arquitectura tradicional da zona ou outros elementos naturais.

b) A emisión de ruídos que perturben a fauna.

#### Disposición adicional primeira. *Constitución do padroado.*

No prazo de seis meses desde a entrada en vigor desta lei, constituirase o padroado do parque nacional de Monfragüe. En canto se produce tal constitución, de forma transitoria a actual xunta reitora do parque natural de Monfragüe adoptará as decisións precisas para asegurar a participación da sociedade nos termos sinalados nesta lei.

#### Disposición adicional segunda. *Elaboración do plan reitor de uso e xestión.*

No prazo de dous anos desde a entrada en vigor desta lei aprobarase o plan reitor de uso e xestión do parque nacional. En canto se produce tal aprobación, de forma transitoria, a administración xestora adoptará as medidas de xestión que considere oportunas e outorgará as autori-

zacións procedentes de acordo co sinalado nesta lei e no plan de ordenación dos recursos naturais aprobado polo Decreto 186/2005, da Xunta de Extremadura.

#### Disposición adicional terceira. *Colaboración e cooperación entre as administracións.*

Facúltase o Ministerio de Medio Ambiente, a través do Organismo Autónomo Parques Nacionais para, no exercicio das súas competencias en relación coa Rede de Parques Nacionais e co albo de contribuir a que o parque nacional de Monfragüe atinxa un nivel de xestión similar ao nivel do resto dos parques nacionais, subscribir e pór en marcha cantos acordos, convenios e consorcios se consideren convenientes para o logro desta lei. No contido deles fixarase o seu alcance, o réxime de aplicación e as responsabilidades das partes.

#### Disposición adicional cuarta. *Financiamento complementario a cargo dos orzamentos xerais do Estado.*

Co albo de asegurar que a xestión do parque nacional de Monfragüe se realiza en similares condicións ás do resto dos espazos que conforman a Rede de Parques Nacionais, e mentres se alcanza esta situación, os orzamentos do Estado dotarán anualmente no orzamento de gastos do Organismo Autónomo Parques Nacionais as partidas precisas para apoiar a preservación e mellora dos valores do parque nacional, ben como a difusión e divulgación deles.

#### Disposición adicional quinta. *Aumento da propiedade pública no parque nacional e na súa zona periférica de protección.*

As administracións públicas adoptarán medidas tendentes ao aumento progresivo da propiedade pública no interior do parque nacional e na súa zona periférica de protección mediante adquisición de terreos, preferentemente por acordo voluntario cos seus propietarios.

Os terreos adquiridos na zona periférica de protección serán obxecto de incorporación ao parque nacional, de acordo co establecido nesta lei.

#### Disposición adicional sexta. *Pagamento de indemnizacións.*

As administracións públicas asumirán o pagamento das indemnizacións polas limitacións nos bens e dereitos patrimoniais lexítimos establecidas no parque nacional de Monfragüe. Corresponderá ao Organismo Autónomo Parques Nacionais o pagamento daquelas que deriven da lexislación básica na materia ou do plan director da Rede de Parques Nacionais. Corresponderá á Xunta de Extremadura o pagamento das limitacións restantes, en particular as derivadas do plan reitor de uso e xestión.

#### Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións se opoñan ao establecido nesta lei. En particular, queda derogado o Real decreto 1927/1979, do 4 de abril, de declaración do parque natural de Monfragüe.

#### Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Esta lei ten carácter básico ao abeiro do disposto no artigo 149.1.23.<sup>a</sup> da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia en materia de lexislación básica sobre protección do ambiente.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 2 de marzo de 2007.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

## ANEXO I

### Límites do parque nacional

**Norte.** O límite iníciase na confluencia entre a quenlla que nace na Peña del Ciervo e o regato Barbaón. Remonta pola quenlla, en canto o seu leito é perceptible, para seguir pola liña de máxima pendente en dirección sueste até a culminación da serra no punto en que a liña divisoria entre os termos municipais de Serradilla e Malpartida de Plasencia quebra para descender polo avésio da serra. Desde este punto, continúa pola liña de cumes do Casar de Elvira e a serra do Mingazo (que é, pola súa vez, división dos termos municipais de Serradilla e Malpartida de Plasencia) até alcanzar o regato Malvecino. Cruza o mencionado regato e a estrada EX-208 Plasencia-Zorita, para subir pola liña de máxima pendente até a curva de nivel de catrocentos metros. Continúa por esta curva de nivel durante unha lonxitude aproximada de novecentos cincuenta metros para, a seguir e en liña recta, avanzar en dirección leste até cruzar a Cañada Real Trujillana. Alí toma o leito do regato que, discorrendo paralelo á serra da Serrana e serra da Venta, desemboca no regato Calzones, xunto á volta da Saeta. Desde este último lugar continúa augas abaixo pola marxe esquerda do regato Calzones durante un percorrido aproximado de mil douscentos metros até a desembocadura da quenlla que, desde o leste, discorre paralela á serra. Remonta esta quenlla até a súa perda. Desde aquí, toma o nacemento do regato Arroyo de la Sierra. Baixa pola súa marxe esquerda até a súa desembocadura no regato Arroyo de la Sierra del Río. Desde este punto, continúa por unha liña sensiblemente recta, que forma un ángulo de cento vinte e dous graos centesimais con respecto ao norte para cruzar o río Tiétar e chegar á quenlla da Vega del Cañal, que vén da serra de Las Cansinas. Remonta a mencionada quenlla até alcanzar a curva de nivel de trescentos metros, e continúa por ela até alcanzar o camiño da Herguijuela de Doña Blanca á Navacalera, no punto en que o camiño cruza a liña de división entre os termos municipais de Toril e Serrejón. Segue este camiño en dirección sur até a súa bifurcación. Neste punto, toma unha liña recta que forma douscentos seis graos centesimais coa dirección norte até o vértice do Cabezo (trescentos trinta e seis metros sobre o nivel do mar). Baixa desde este vértice pola quenlla existente na súa vertente sur até a desembocadura desta no río Texo, bordeándoo até chegar ao Arroyo de los Conejos, pasando polas antigas porcarizas. Remonta o Arroyo de los Conejos pola súa marxe dereita, até o cruzamento dese regato co camiño da fonte de Campales. Segue o camiño até chegar á fonte. Desde a mencionada fonte continúa por unha liña recta que forma cento vinte


e sete graos coa dirección norte até tomar o nacemento da quenlla que, bordeando o cerro da Cabreriza pola súa parte norte, vai desembocar na gorxa do Venero. Segue por esa quenlla até a súa desembocadura. Desde este punto, remonta pola marxe dereita da gorxa de El Requemado en canto o seu leito é perceptible, desde onde vai tomar o nacemento do regato Arroyo de la Madroña, baixando por este último até o seu cruzamento co camiño de Serrejón á quinta La Parrilla. Continúa polo camiño até o nacemento do regato da Casa (entre o casarío e as cortes da mencionada quinta). Descende por ese regato até a súa desembocadura no de La Parrilla, por cuxa marxe esquerda continúa até o río Texo, que cruza en liña sensiblemente recta até a marxe esquerda deste.

**Leste.** Desde a marxe esquerda do río Taxo, fronte á desembocadura do regato de La Parrilla, augas abaixo, até o punto situado fronte á desembocadura do regato de La Colmenilla. Desde a desembocadura dese regato segue en liña recta ao Collado del Lobo, continuando despois pola liña de cumes até o punto situado fronte ao nacemento do regato de El Castillo. Descende pola marxe esquerda do mencionado regato até a súa desembocadura na gorxa de El Cubo.

**Sur.** No punto en que o regato de El Castillo desemboca na gorxa de El Cubo, toma a marxe esquerda, augas abaixo, desa gorxa até pasar a ponte vella de camiño do casal de Maqueñillos. Despois da mencionada ponte, e a unha distancia aproximada de trescentos oitenta metros, desemboca unha quenlla, que remonta até a súa perda. Desde aquí e con dirección norte, segue a quenlla inmediata pola cal cae ao regato de La Solana del Espejo. Desde a desembocadura desa quenlla remonta o regato de La Solana del Espejo, pola súa marxe dereita, até o seu nacemento na curva de nivel de catrocentos metros de altitude. Segue por esa curva de nivel até o camiño que desde o casarío de Las Corchuelas de Arriba vai á casa de Las Mesillas. Descende por ese camiño até a curva de nivel de trescentos cincuenta metros de altitude. Continúa pola curva de trescentos cincuenta metros até o seu cruzamento co camiño que conduce ao palacio vello de Las Corchuelas. Segue por este camiño, rodeando o palacio polas desviacións existentes, para subir á fonte de La Hondonera, até o palacio novo de Las Corchuelas. Desde este punto, toma o camiño vello da caseta de obras públicas até chegar á estrada EX-208 de Plasencia a Zorita. Continúa por esta estrada en dirección a Plasencia, até o punto quilométrico trinta quiñentos, desde onde continúa en sentido oeste polo camiño vello de Serradilla, até chegar ao río Texo. Segue pola marxe esquerda do río Texo até estar fronte á desembocadura do regato Trasierra ou de La Garganta, onde cruza o río, remontando despois o regato pola marxe dereita até a ponte do camiño de Serradilla a Peña Falcón.

**Oeste.** Desde a ponte do camiño de Serradilla a Peña Falcón, sobre o regato Trasierra ou de La Garganta, continúa pola marxe dereita dese regato, até o muíño vello (último dos que se encontra augas arriba). Desde este punto, e en liña recta, sobe até o vértice Cancho de la Cueva (quiñentos oitenta e oito metros sobre o nivel do mar) seguindo a liña de máxima pendente. Desde aquí, segue unha liña sensiblemente recta, que forma dez graos centesimais coa dirección norte, até a serra de La Cañadilla, no punto situado a quiñentos oito metros de altitude. De aquí cae pola liña de máxima pendente até a confluencia do regato Barbaón coa quenlla que nace na Peña del Ciervo na serra do Casar de Elvira, até atinxir o punto onde se inicia esta descrición.





**ANEXO II****Medidas de mitigación e corrección**

Supresión, con substitución por trazado exterior ao parque nacional, das liñas eléctricas de media tensión Torrejón el Rubio-Estación de ferrocarril de Monfragüe, e Castillo de Monfragüe-Serradilla.

Soterramento da liña eléctrica a Villarreal de San Carlos e á quinta «Las Cansinas».

Corrección de impacto e integración ambiental na liña de 132.000 quilovoltios Plasencia-Trujillo e na liña de 220.000 quilovoltios Almaraz-Alcántara. (Sinalización das liñas eléctricas, camuflaxe das torretas.)

Accións correctoras de impacto ambiental nos encoros de Torrejón-TEXO e Torrejón-Tiétar (Regulación do réxime de oscilación de láminas de auga a menos de 50 centímetros, construción de azude somerxido de cola augas abaixo do vertedoiro da presa de Torrejón-TEXO.)

Corrección de impactos e integración ambiental nas estradas que cruzan o parque nacional, en particular a EX-208 (Trujillo-Plasencia) e o ramal de servizo desta a Bazagoza (adequación de marxes e integración de barreiras protectoras e elementos de sinalización).

Restauración ambiental e recuperación ecolóxica, en particular das áreas afectadas por repoboacións con especies exóticas introducidas («Pinus pinaster» e xénero «Eucaliptus sp»).

Supresión de antenas e outros elementos alteradores da paisaxe nas inmediacións de El Castillo de Monfragüe.

Enmascaramento do repetidor de El Puerto de la Serrana.

**ANEXO III****Límites da zona periférica de protección**

Norte. Parte da estrada que une Casatejada e Serrejón no punto onde cruza o regato Arroyo Gallego a 3 km., de Casatejada, no punto de coordenadas: W 005.º 42' 39.57"; N 39.º 52' 15.54", segue este regato en dirección noroeste, bordeando o Charco Salado polo norte até o límite dos termos municipais de Toril e Casatejada, segue por este límite en dirección nordeste até atinxir o ferrocarril actual; segue pola liña férrea en dirección oeste até que cruza a estrada na estación da Bazagona, de aí parte en liña recta, cruzando o río Tiétar, até o p.q. 32 da EX-389 no punto de coordenadas W 005.º 54' 56.57"; N 39.º 55' 44.77". Segue esta estrada dirección noroeste até o p.q. 37 onde toma o camiño até o casal de Valdelacasa (W 005.º 58' 01.78"; N 39.º 57' 09.97") e de aí recto até a antiga estación de Malpartida. Desde este lugar, segue a vía férrea cara ao oeste até o PK 265, desde onde parte en liña recta até o vértice xeodésico Acero, e de aí en liña recta até o PK 272 da liña férrea (W 006.º 16' 20.36"; N 39.º 50' 31.98"), e de aí segue a vía até o termo municipal de Casas de Millán. Segue a liña que separa os termos municipais de Casas de Millán e Mirabel en dirección norte, continuando pola que separa os termos municipais de Casas de Millán e Cañaveral até o camiño veciñal de Grimaldo.

Oeste. Continúa polo camiño citado en dirección Casas de Millán, bordeando as hortas familiares até alcanzar o cruzamento da vía férrea coa estrada CCV 30 de Casas de Millán a Serradilla. Segue esta estrada cara a

Serradilla até o límite entre os termos municipais de Serradilla e Casas de Millán, continúa por este límite até o río Texo, segue pola marxe dereita do río Texo, cruzándoo para seguir pola liña que separa os termos municipais de Serradilla e Talaván, pola cal segue até se encontrar co límite entre Torrejón el Rubio e Serradilla, continúa por este límite até o río Almonte.

Sur. Segue pola marxe esquerda do río Almonte até o trazado da Autovía de Extremadura; continúa pola marxe esquerda desa vía de comunicación até o cruzamento co camiño de Jaraicejo a Deleitosa. Continúa por este camiño até se encontrar co regato Arroyo de Rocastaño, que remonta pola súa marxe esquerda até a estrada CV-22 de N-V a Deleitosa. Continúa por esa estrada en dirección noroeste até se encontrar co regato Helechoso, segue ese leito até cruzar o termo municipal de Casas de Miravete W 005.º 43' 37.97"; N 39.º 41' 45.98". Continúa por este límite cara ao sur para seguir polo termo municipal de Higuera e o regato Arroyo de la Gargantilla até que cruza a estrada cara a Campillo de Deleitosa até o punto de coordenadas W 005.º 35' 22.66"; N 39.º 40' 24.16".

Leste. En liña recta desde este punto chega até a gorxa do Duro no punto de coordenadas: W 005.º 36' 01.42"; N 39.º 40' 54.11". Segue este leito até que desemboca en La Garganta de los Nogales. Segue esta gorxa até que cruza cun camiño no punto de coordenadas: W 005.º 38' 31.55"; N 39.º 43' 01.43". Segue este camiño cara a Higuera, bordeando o núcleo urbano polo sur, para continuar pola estrada cara a Romangordo, desde a encrucillada á entrada deste municipio parte en liña recta até o punto de coordenadas: W 005.º 41' 25.5"; N 39.º 44' 32.97", no límite do termo municipal, séguese este límite cara ao norte até cruzar o Texo augas abaixo da presa de Arrocampo. Segue a marxe dereita do río até a desembocadura do regato La Retuerta. Sobe pola marxe esquerda do regato incluíndo o encoro de Serrejón até o seu nacemento no punto de coordenadas: W 005.º 45' 17.27"; N 39.º 49' 00.54", de aquí continúa en liña recta até o camiño da casa de La Anguila no punto de coordenadas: W 005.º 45' 52.47"; N 39.º 48' 54.7", desde aí continúa por un camiño cara ao norte, até a estrada CCV-53, que une Serrejón con Casatejada, a uns 3,5 km, de Serrejón, o punto de coordenadas: W 005.º 46' 10.82"; N 39.º 50' 02.73", por onde continúa até o principio da descrición.

**Límite da zona periférica de protección do parque nacional de Monfragüe**

xd	x-UTM	E-UTM	Lon-DMS-	Lat-DMS
1	268130	4417070	W 005º 42' 39.57"	N 39º 52' 15.54"
2	250820	4424030	W 005º 54' 56.57"	N 39º 55' 44.77"
3	246140	4426600	W 005º 58' 01.78"	N 39º 57' 09.97"
5	220020	4415430	W 006º 16' 20.36"	N 39º 50' 31.98"
6	266150	4397660	W 005º 43' 37.97"	N 39º 41' 45.98"
7	277880	4394870	W 005º 35' 22.66"	N 39º 40' 24.16"
8	276970	4395730	W 005º 36' 01.42"	N 39º 40' 54.11"
9	273520	4399770	W 005º 38' 31.55"	N 39º 43' 01.43"
10	269440	4402710	W 005º 41' 25.5"	N 39º 44' 32.97"
11	264500	4411070	W 005º 45' 17.27"	N 39º 49' 00.54"
12	263360	4410980	W 005º 45' 52.47"	N 39º 48' 54.7"
13	262680	4413010	W 005º 46' 10.82"	N 39º 50' 02.73"













Mapa de Situación



Leyenda

-  Límite Parque Nacional
-  Zona Periférica Protección
-  Términos Municipales
-  Curvas Nivel (20 m.)

## ANEXO IV

## Municipios incluídos na área de influencia socioeconómica

Código INE	Termo municipal	Superficie (ha)
10056	Casas de Millán.	15.308,54
10057	Casas de Miravete.	50.018,72
10058	Casatejada.	11.187,79
10070	Deleitosa.	14.428,11
10097	Higuera.	4.055,52
10103	Jaraicejo.	17.759,67
10116	Malpartida de Plasencia.	37.297,32
10123	Mirabel.	4.935,31
10160	Romangordo.	3.908,67
10173	Saucedilla.	6.044,42
10175	Serradilla.	25.943,07
10176	Serrejón.	12.423,10
10182	Toril.	14.986,04
10190	Torrejón el Rubio.	22.205,97
Total xeral		195.502,25

## MINISTERIO DO INTERIOR

**4462** *RESOLUCIÓN do 21 de febreiro de 2007, da Dirección Xeral de Tráfico, pola que se establecen medidas especiais de regulación do tráfico durante o ano 2007. («BOE» 54, do 3-3-2007.)*

Por razóns de seguranza viaria, mobilidade e fluidez da circulación, en concordancia coas datas en que se prevén desprazamentos masivos de vehículos, así como pola perigosidade intrínseca da carga de certos vehículos, establécense medidas especiais de regulación de tráfico, de acordo co previsto, ao respecto, nos artigos 5, alíneas k), m) e n) e 16 do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguranza viaria, aprobado polo Real decreto legislativo 339/1990, do 2 de marzo (Boletín Oficial del Estado número 63, do 14 de marzo de 1990), así como nos artigos 37 e 39 do Regulamento xeral de circulación, aprobado polo Real decreto 1428/2003, do 21 de novembro (Boletín Oficial del Estado número 306, do 23 de decembro de 2003), e no artigo 14 do Regulamento xeral de vehículos, aprobado polo Real decreto 2822/1998, do 23 de decembro (Boletín Oficial del Estado número 22, do 26 de xaneiro de 1999).

Na súa virtude, e de conformidade cos órganos competentes dos ministerios do Interior e de Fomento, para as vías públicas interurbanas e travesías a que se refiren as alíneas i) e k) do artigo 5 do citado texto articulado, o director xeral de Tráfico resolve o seguinte:

Primeiro. *Restricións á circulación.*—Establécense as *restricións de circulación que a seguir se relacionan:*

A) Probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos:

De acordo co disposto no artigo 55 e no anexo II do Regulamento xeral de circulación, non se autorizará nin se emitirá informe favorable de proba deportiva ningunha, de carácter competitivo ou non, cando implique ocupación da calzada ou beiravía, así como calquera outro evento que poida afectar a fluidez da circulación ou a seguranza viaria, durante os días e horas que se indican no anexo I desta resolución, así como aquelas que utilicen autoestradas, excepto nos seus tramos de enlace imprescindibles,

salvo as probas de carácter internacional que sexan expresamente autorizadas ou das cales emitan informe favorable as xefaturas provinciais de Tráfico ou os servizos centrais da Dirección Xeral de Tráfico, segundo proceda.

No que se refire a probas ciclistas, entenderase que teñen carácter internacional as que estean incluídas no calendario mundial ou continental da Unión Ciclista Internacional.

Así mesmo, en relación co preceptuado nesta epígrafe A), o director xeral de Tráfico e, se é o caso, por delegación, o subdirector xeral de Xestión do Tráfico e Mobilidade, poderá autorizar con carácter excepcional a súa realización cando se xustifique o carácter extraordinario e relevante por motivos sociais ou tradicionais, sempre que transcorran por vías de moi baixa intensidade de circulación nas horas en que estea prevista a súa utilización, fóra dos horarios de gran volume de desprazamento a nivel provincial, autonómico ou nacional, requirindo reducida escolta das forzas de vixilancia da Garda Civil e sempre que non afecten os tramos de estradas, días e horas incluídos no anexo II, nin as autoestradas, autovías e as vías incluídas no anexo IV desta resolución.

B) Vehículos de transporte de mercadorías: prohíbese a circulación polas vías cuxa vixilancia exerce a Xefatura Central de Tráfico de:

## B.1 Mercadorías en xeral:

Nos tramos e durante os días e horas que se indican no anexo II desta resolución, a todo vehículo de máis de 7.500 quilogramos de masa máxima autorizada e aos conxuntos de vehículos de calquera masa máxima autorizada.


Quedan exentos desta prohibición os vehículos e o conxunto de vehículos de calquera masa máxima autorizada que transporten gando vivo ou leite cru.

## B.2 Mercadorías perigosas:

B.2.1 Aos vehículos que deban levar os paneis de sinalización de perigo regulamentarios conforme o Acordo europeo sobre o transporte de mercadorías perigosas por estrada (ADR), os domingos e días festivos dentro do ámbito territorial correspondente —nacional ou de comunidade autónoma—, desde as oito ata as vinte e catro horas, e as vésperas, non sábados, destes festivos, desde as trece ata as vinte e catro horas, así como nos días e horas indicados no anexo VI. En caso de coincidiren dous días festivos consecutivos dentro do ámbito territorial correspondente, no primeiro deles aplicarase a restrición soamente desde as oito ata as quince horas.

Todo iso sen prexuízo das restricións temporais que se poidan impoñer con motivo de festividades de carácter local.

## Fins de semana



## Días festivos



■ Período restrinxido